

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE**

**CURSO:6º**

**MATERIA:CIENCIAS NATURAIS**

**DATA:10/05/2020**

**PROFESOR: MARGARITA RODRÍGUEZ GARCÍA**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (CCNN)

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe  |
|--|--|
| B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes | CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.<br><br>CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.  |
| B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.   | CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.   |
| CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.   | CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.  |
| B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.  | CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo<br>CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.<br>CNB2.3.4. Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).           |
| B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.   | CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles  |
| B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Reino animal.</li> <li>– Reino das plantas.</li> <li>– Reino dos fungos.</li> <li>– Outros reinos</li> </ul> </li> <li>▪ CNB3.2.3. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.</li> </ul> |

|   |  |
|---|--|
| B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno  | CNB3.3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas<br><br>CNB3.3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan. |
| B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación | CNB4.1.2. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación e/ou a corrente eléctrica (un circuíto eléctrico)                           |
| B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.   | CNB4.2.2. Identifica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.                                     |
| B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.  | CNB4.4.1 Identifica algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.<br>CNB4.4.2. Recoñece os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución   |
| B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.   | CNB5.1.2. Observa, algúns dos compoñentes das máquinas.  |

A partires dos estándares imprescindibles anteriores contribúese de xeito especial a que o alumnado teña un grao de deseveolee to nas seguintes competencias clave

CSIEE (Iniciativa e espírito emprendedor)      CD (dixital)      CAA (Aprender a aprender)      CCL (Lingüística)      CMCT (Matemática ciencia e tecnoloxía)

| <b>2. Avaliación e cualificación</b> |  |
|--------------------------------------|--|
| <b>Avaliación</b>                    | <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>*Seguimiento do traballo do alumnado</li> <li>*Análise das producións do alumnado</li> <li>*Probas específicas</li> </ul>   |
|                                      | <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>*Actividades entregadas na plataforma Aula Planeta</li> <li>*Tarefas entregadas na Aula Virtual ( ou a través do correo electrónico)</li> <li>*Probas orais específicas a través da plataforma Cisco Webex</li> </ul>  |
| <b>Cualificación final</b>           | <p><b><u>A.- Valoración do rendemento do terceiro trimestre:</u></b></p> <p>Para obter a nota numérica do rendemento do alumnado no terceiro trimestre aplicaremos o seguinte:</p> <p><b>**Valoración das probas orais: 50 %</b> (que de non levarse a cabo suporá que as tarefas entregadas por A Virtual, correo electrónico ou A Planeta cuantifiquen o 100%)</p> <p><b>**Media aritmética entre as actividades de aula virtual e A.Planeta: 50 %</b><br/>Esa nota, que non figurará nos boletíns de notas empregárase para obter a cualificación final do curso.</p> <p>A nota da terceira avaliación e a última serán a mesma. Calculárase a media entre a 1ª e a 2ª avaliacións á que se lle poderá sumar ata 1 punto polo traballo deste terceiro trimestre</p> <p><b><u>C.- Aclaracións en relación as actividades de aula virtual e aula Planeta:</u></b></p> <p>*Non se poderán entregar as actividades unha vez finalizado o prazo de entrega; se un alumno ten un imprevisto e non pode entregala, débese poñer en contacto co profesorado (mensaxería aula virtual). Excepcionalmente e por motivos xustificadas, poderá facer a entrega a semana seguinte á planificación da tarefa así coma as rectificacións que se lle notificaran, de selo caso.</p> <p>*Cando se sospeite que a actividade foi realizada por outra persoa, a nota da mesma será 0. (De considerarse poderá soliditárselle unha nova tarefa, ben a mesma ou outra semellante)</p> <p>*As actividades non realizadas ou non entregadas contarán como 0 para calcular a nota</p> |

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

|                                  |  |
|----------------------------------|--|
| <b>Actividades e metodoloxía</b> | <p>Como na maioría dos días realizaranse actividades de recuperación, reforzo e repaso, o alumnado deberá realizalas de forma autónoma, preguntando as dúbidas que teña a través da mensaxería da aula virtual do curso (facendo uso do material impreso, libros de texto, esquemas e apuntes da libreta, arquivos PDF do profesorado).</p> <p>As actividades de ampliación que se traballan dependendo da súa dificultade procederase así:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>*Explicación a través de enlaces a páxinas educativas (xa traballadas ou non co alumnado no centro escolar), vídeos explicativos (de creación propia ou de webs educativas incluídas explicacións de outros mestres en youtube, enlaces de Aula Planeta, arquivos pdf, presentación de Power Point/ Slide Share ou calquera outra que poda ser de utilidade)</li><li>*Si require as actividades o apoio docente usarase a plataforma Cisco Webex</li></ul> |
| <b>Materiais e recursos</b>      | <ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Aula virtual de 6º de Primaria.</b></li></ul> <p>Este espazo utilizarase para:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>Comunicación por mensaxe individual, de ser preciso, coas pautas da xornada anterior ou correccións</li><li>Detallar as actividades que se van a realizar durante cada día.</li><li>Realizar actividades online.</li><li>Entregar actividades.</li><li>Resolución de dúbidas, facendo uso da mensaxería.</li><li>Realizar o seguimento do alumnado.</li></ul> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Cisco Webex</b></li></ul>   |

Esta plataforma utilizarase para o seguinte:

Traballar o aspecto emocional.

Explicación de contidos e actividades.

Realizar a función titorial.

Realizar probas orais.

▪ **Aula Planeta.**

Este espazo utilizarase para o seguinte:

Acceso ao libro dixital da área.

Realización de actividades online.

▪ **Enderezo electrónico.**

Esta ferramenta utilizarase para

Entrega de actividades que non é posible entregar a través da aula virtual do curso.

▪ **Plataforma Whatsapp** (mensaxería/llamada)

Uso exclusivo para urxencias ben por parte do *alumnado* (necesidade de contactar por motivos emocionais ou por dificultades nalgunha actividade) ou *profesorado* para conectar coas familias cando no seguimento das actividades diarias se percibe a falta de entregas de tarefas, ou se o alumno non entra na Aula Virtual, e a comunicación polos medios estipulados (Abalar Móbil e mensaxería aula virtual) non funcionaron.

#### 4. Información e publicidade

|  |   |
|--|---|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | Informarase por Abalar Móbil ás familias da localización deste documento.   |
| <b>Publicidade</b>                           | O presente documento estará dispoñible para toda a comunidade educativa<br>**Na web do centro<br>**Na aula virtual de 6º Primaria |